

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE AGOSTO DE 2010

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao rexeitamento da solicitude de suspensión e revogación da resolución do 6 de xullo de 2010 da Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

Acórdase rexeitar a devandita suspensión e revogación.

3.- Modificación puntual do Plan parcial no quinceiro 5 do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7). Ponte Pedriña II.

Apróbase inicialmente a devandita modificación, segundo o proxecto presentado pola mercantil Inmobiliaria de Puentes y Calzadas, S.L. o 9 de xullo de 2010.

4.- Expedientes en materia de contratación.

- Apróbase o proxecto das **obras de reforma do campo de fútbol de Belvís**, redactado por TALIESEN ARQUITECTOS, SLP, e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase a contratación das obras, establecéndose un tipo de licitación de 159.619,20 euros (IVE incluído).

- Apróbase un novo prego de cláusulas administrativas da prestación do **Servizo de dinamización social, igualdade de oportunidades, formación e educación de colectivos en risco de exclusión do proxecto europeo Urbana, pertencente á iniciativa comunitaria Santiago Norte do Fondo FEDER da Unión Europea**, e iníciase o expediente de contratación deste servizo, establecéndose un tipo de licitación de 712.068,96 euros (IVE incluído).

- Acórdase prorrogar ata o 31 de agosto de 2010 o contrato asinado con TELVENT, TRÁFICO Y TRANSPORTE, S.A. para a **Creación, equipamento e desenvolvemento de infraestruturas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico: Sala de Pantallas da Policía Local**, incluída no FES 2010.

- Adxudícase definitivamente o **subministro de mobiliario e equipamento para as dependencias da Policía Local** á empresa ARCE AMOR, S.L., por un importe total de 24.819,65 euros (IVE incluído) e un prazo de garantía dos produtos ofertados de cinco anos.

- Autorízase a ampliación do prazo do contrato de execución da **obras de construción dun pavillón polideportivo en Fontiñas** ata o vindeiro 30 de setembro.

- Adxudícase definitivamente o proxecto de reposición de **beirarrúas do Concello de Santiago** á empresa **ALCOMTE GALICIA, S.L.**

5.- Dar conta da concesión de diversas subvencións pola Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta da concesión de tres subvencións:

- Unha subvención de 22.890,02 euros, que representa o 80% do custo da obra de ampliación da rede de saneamento da Sionlla.
- Unha subvención de 135.441,12 euros, que representa o 80% do custo da obra de saneamento e bombeo en Rochiña (Son de Abaixo).
- Unha subvención de 79.949,37 euros, que representa o 38,46% do custo das obras de acondicionamento e posta en valor de carballeiras e lavadoiros